

UNIDADE 4 - Sesión 2 (Actividade 2)

$\text{♩} = 48$ *"Entre o Mar e a Montaña"*



mf

Sabías que?

Modular é o proceso de cambio de tonalidade que se produce no transcurso dunha composición. Dentro dunha pasaxe musical podemos modular por certas tonalidades antes de volver ó punto de partida ou establecer unha nova.

Procedementos para Modular:

- 1) Diatónico: A través de notas comúns (ou acordes) entre as tonalidades de partida e chegada.
- 2) Cromático: Mediante unha nota estraña á de partida e que se converte en sensible da de chegada.
- 3) Enarmónico: Cando un son aparece de forma consecutiva como enarmónico e enlace das dúas tonalidades.

Consideracións sobre a modulación:

- Non sempre que aparece unha alteración accidental quere dicir que "modulamos".
- Entre as dúas tonalidades hai un proceso modulante, no que un ou varios acordes poden ser comúns a ambas tonalidades.
- A modulación pode producirse a calquera tonalidade, sendo as máis comúns ás tonalidades relativas, veciñas ou homónimas; así como o seu V grao.
- O intervalo entre o I ó III grao da nova tonalidade, indicaranos se é Modo Maior ou menor.
- A aparición da nova sensible, conduciranos xeralmente á tónica.